



## MODELO SOGAMA

### DATOS XESTIÓN RESIDUOS MUNICIPAIS 2023

O modelo Sogama susténtase na aplicación prioritaria do principio dos tres erres (redución, reutilización e reciclaxe), que complementa coa recuperación enerxética da parte non reciclable.

A súa xestión céntrase en tres fraccións de residuos:

- Bolsa amarela, é dicir, os envases de plástico, latas e briks recollidos a través do contedor amarelo, que separa por tipoloxías na súa planta de clasificación para remitir aos correspondentes centros recicladores.
- Bolsa marrón, isto é, a materia orgánica recollida de forma diferenciada a través do contedor marrón, transformándoa en compost.
- Bolsa negra, conformada polo residuo convencional depositado pola cidadanía nos contedores xenéricos (fracción resto), do que separa a parte susceptible de ser reciclada (vidro, papel/cartón, distintos tipos de plásticos, briks etc), e somete a valorización enerxética o resto, recuperando, con todas as garantías ambientais, a enerxía contida nos refugallo que, doutra forma, acabarían enterrados en vertedoiros.

**Datos Ano 2023:**

OPERACIÓN	TONELADAS
Reciclaxe	166.844
Compostaxe	4.045
Valorización enerxética	539.621
Vertedoiro (residuos directos)	17.747
Vertedoiro (rexeitamentos CMC)	182.263

